


CIDADES FERROL NO TEMPO

Naval, obreira, ilustrada...
descubre unha cidade de cidades



Exposición
Ata 28.01.23
Sede Afundación Ferrol

afundacion.org
cidadedacultura.gal

**DOSSIER
DE PRENSA**



A CORUÑA



FERROL



LUGO

OURENSE



FERROL NO TEMPO



Ferrol no tempo é a segunda das exposicións que conforman un amplo proxecto, Cidades no tempo, que ten como protagonistas ao longo deste ano e ata 2024 as sete principais urbes galegas e que comezou en Santiago de Compostela cunha mostra que puido visitarse dende xuño a setembro.

Organizada pola Xunta de Galicia (a través da Fundación Cidade da Cultura) no marco do Xacobeo 21-22, a proposta conta coa colaboración de Afundación (Obra Social ABANCA), en cuxas sedes, ademais, se ubican as exposicións.

O obxectivo é reivindicar a cultura urbana como compoñente clave da identidade galega en xeral e da área de Ferrol en particular, explorando a interacción entre o urbanismo, a sociedade e o territorio nunha cidade caracterizada por exemplificar un dos mellores casos de urbanismo ilustrado na Península Ibérica pola súa evolución no século XVIII. Ese Ferrol Ilustrado, o de A Magdalena, o Arsenal e as defensas militares da ría, aspira a ser declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco.



Ferrol: Mercado Central. 1919
© GALICIANA-BIBLIOTECA
DIGITAL DE GALICIA

Raveira de louza de Sargadelos.
Anónimo. 1850
MUSEO NAVAL DE FERROL

Escribanía. Domingo Antonio
de Castro. 1808. Prata
MUSEO DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

A profesora Carmen Castrillón
impartindo unha clase de Historia
natural na Escola obreira do
estaleiro de Ferrol . 24/02/1931
FONDO FOTOGRÁFICO NAVANTIA

Plano do proxecto da obra de
reconstrución e ampliación da
casa nº 171 da Rúa Canalejas.
Rodolfo Ucha Piñeiro. 1913
ARQUIVO MUNICIPAL DE FERROL

Dende distintas perspectivas como son a estética, a economía, a creación artística, a educación e a memoria, a mostra afonda nunha urbe que foi medrando, dende o Ferrol Vello conservado nos símbolos, baixo a presenza dunha das principais bases da Armada española e importantes estaleiros da mariña militar e mercante.

Nesta mostra faise un percorrido por unha cidade que foi a primeira de Galicia onde se deu entrada aos saberes técnicos e tecnolóxicos, cunha poboación obreira cunha demanda de acceso á educación moi relevante, sendo tamén o primeiro núcleo galego onde se inaugurou unha Escola de Artes e Oficios (1881).

Á fronte do proxecto está Manuel Gago, doutor en Ciencias da Comunicación e director de culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega. Para esta exposición

de Ferrol conta co asesoramento como coordinador local de Guillermo Llorca, investigador especializado na historia da cidade.

Para facer esta incursión en Ferrol, a proposta vólvese dunha combinación de materiais físicos e tecnoloxías interactivas, con documentos, planos, mapas, fotografías, obras de arte, obxectos históricos e cotiáns. Trátase dun dos proxectos expositivos de maior complexidade técnica impulsados pola Xunta de Galicia nos últimos tempos.

Unha viaxe pola identidade urbana de Ferrol

DENDE AS ORIXES Á ACTUALIDADE

Plano de la nueva plaza del Ferrol: en que comprende el Real Arsenal de Marina, con los quatro barrios del Ferrol viejo, Nueva población, Esteiro, y Ganido, en el estado que está oy; y lo proyectado asta el día veinte de enero de mil setecientos setenta y dos.» Dionisio Sánchez de Aguilera 1772. Ministerio de Defensa. ARCHIVO CARTOGRÁFICO DE ESTUDIOS GEOGRÁFICOS DEL CENTRO GEOGRÁFICO DEL EJÉRCITO



Mitos e orixes

Case todas as cidades galegas contan cun mito fundacional, un relato das orixes que as sitúa nun momento determinado da historia.

- O relato expositivo de *Ferrol no Tempo* parte nesta primeira sección dunha recreación a través de ilustracións animadas da **Batalla de Brión**, librada na contorna da Ría de Ferrol entre tropas británicas e españolas en 1800 e que puxo a proba por primeira vez o sistema defensivo da cidade.

Tramas

As tramas poñen en valor a documentación histórica dunha cidade, axudando a comprender o que é hoxe a urbe, dende estruturas defensivas ata a loxística dos servizos de subministración e saneamento, dende as grandes obras públicas ata as comunicacións subterráneas. A través deste apartado afóndase (con documentos, planos, mapas, deseños, proxectos...) na

evolución dende o **Ferrol Vello** ata unha cidade na que conviven dúas realidades: a presenza dunha das principais bases da **Armada española** e importantes **estaleiros**.

- Este percorrido lévanos pola expansión urbana de Ferrol, dende o porto aos barrios, sendo dende o século XVIII un dos mellores casos de urbanismo ilustrado na Península Ibérica. A súa evolución estivo marcada pola industria e as demandas dun sistema con forte presenza de cidadanía estranxeira, problemas sociais e a necesidade de organizar servizos públicos eficaces.

Escenarios

A cidade é mais que unha representación da trama urbanística. É un espazo de interacción e intercambio social conformado ao longo do tempo. Esta sección explora as claves da sociedade ferrolá a través de obxectos históricos, de alta cultura e cotiáns, obras de arte ou fotografías, tendo en conta que foi a principal cidade galega onde se deu entrada aos **saberes técnicos**

e **tecnolóxicos**, conformando unha rede de industrias auxiliares ao abeiro dos estaleiros.



- No relato vemos unha urbe que destaca no ámbito da educación, pola gran demanda de formación da sociedade obreira (a Escola Obreira de Ferrol fundouse en 1915 como parte das políticas sociais do estaleiro) e do entretemento, cunha importante oferta plasmada en teatros (caso do Teatro Jofre), cines e celebracións populares.

- Ademais, neste contexto, Ferrol caracterízase polas iniciativas sociais como o Hospital de la Caridad e importantes benfeitores da cidade como o Marqués de Amboage.



Detalles urbanísticos

Peto de ánimas da primitiva igrexa parroquial de San Xiao. Anónimo. S. XVIII BISPADO MONDOÑEDO-FERROL

Ilustración: Miguel Robledo



Cidade narrada

Unha cidade está tan construída con edificios como con palabras. Profúndase así nesta parte da mostra na cidade inmaterial a través de obras literarias e distintos tipos de publicacións, como a prensa, que construíron á construción da súa imaxe.

- Abórdase a relación de Ferrol coa lingua galega, un repaso á literatura e ás principais cabeceiras históricas de prensa: Boletín del Círculo de Maquinistas de la Armada, El Correo Gallego, El Obrero, Diario Ferrolano...

Voces da cidade

Relacionado co anterior punto, a exposición remata achegándose a unha representación do discurso que queda na memoria da xente, coas voces da veciñanza que contan historias.

- Atopamos en Ferrol unha experiencia audiovisual que nos conecta con vivencias propias vinculadas a algún espazo da cidade de persoas como Eduardo Hermida, promotor das Meninas de Canido; Ánxela Loureiro, profesora; ou o sindicalista Carlos Mella.

Liña do tempo

Trátase dunha sección transversal a toda a exposición que serve de fío condutor para ir destacando diferentes pezas, de distinta tipoloxía, de grande importancia para o relato da cidade porque contan unha historia relacionada con ela.



- Aquí podemos observar un documento do S.XV (Arquivo de Simancas). Trátase da confirmación dos privilexios de Ferrol polo Rei Enrique IV que representa o camiño de Ferrol para

acadar o título de cidade: entre 1467 e 1470 acontece en Galicia a II Revolta Irmandiña. Nos estados de Andrade, controlados por Fernán Pérez II, estoupa un auténtico alzamento popular. Ao abeiro desa axitación, o monarca Enrique IV confirma os antigos privilexios de Ferrol como vila reguenga e nomea a Pedro Canada como *alcalde enna vila de Ferrol por noso sennor el rey*.

Pezas destacadas

PLANOS E DOCUMENTOS


Descrición do Porto de Ferrol – 1639

Mapa conservado no Arquivo Xeral de Simancas. A Coroa integrou a ría dentro do sistema loxístico de apoio á Armada. A finais do s. XVI, promoveu a Real Fábrica de Biscoito en Neda, aproveitando o caudal do río Belelle.




Copia do plano orixinal do proxecto do Arsenal de Ferrol – 1752

Esta copia do plano sobre o que se deseñou o Arsenal aprobado polo Rei no ano 1751 tamén está baixo custodia do Arquivo de Simancas. Ten un gran valor histórico porque nel pódese comprobar que o proxecto orixinal do Arsenal xa ofrecía unha solución habitacional para o amplo continxente humano que chegaría á cidade e que conformaría ao longo do tempo o seu urbanismo.




Plano da Alameda de Ferrol – 1841

Este documento chega á exposición dende o Museo Naval de Madrid cunha grande importancia por tratarse do plano da considerada a primeira Alameda urbana de Galicia. Nel explícase a súa ubicación entre "a nova poboación de A Magdalena e o Arsenal dos Diques"



Notas do escribán Lopo García de Toar, notario público de Ferrol – Segunda metade do S.XV

O notario de Ferrol Lopo García de Toar copiou 23 poemas do cancionero de Afonso Paes cando a poesía trobadoresca en galego estaba en desaparición. Porén, os poemas, conservados no Arquivo de Galicia, son innovadores e de valor excepcional na literatura peninsular da época.



ARTE



Pintura do Arsenal de Mariano Sánchez: "Dique de Ferrol" – 1792-1795

Este cadro, chegado do Palacio de El Pardo, é das primeiras vistas de Ferrol dende o Arsenal que aparece na arte. Mariano Sánchez representou nas súas pinturas un Arsenal cheo de vida e traballos, empregando as embarcacións

como escala para amosar as dimensións da infraestrutura portuaria. O pintor pasou 47 días en Ferrol e contou coa axuda do *peón moedor* Caetano de Seixas. Alí tomou todos os apuntamentos precisos para executar despois o cadro en Madrid.

Pintura de Ricardo Segura Torrella: "Cara a Fisterra"

Por cortesía da propia familia do autor pódese observar na mostra unha pintura escasamente coñecida e, ao tempo, unha impactante icona da pintura galega da Transición. A densa estrutura poboacional de Ferrolterra fai que cidade e rural se fusionen. Este cadro de Ricardo Segura Torrella amósanos unha sociedade en transición, mecanizada e rural ao tempo. Na obra reúnense materiais visuais de tres partes de Galicia: a idea da escena, vista nas proximidades de Fisterra; o camiión, fotografado en Navia de Suarna; e as personaxes: labregas de Doniños e a filla do autor.



Pintura de Fernando Álvarez Sotomayor: "Dama lendo xunto a unha fiestra" – 1926

A estética da cidade combina de xeito único as premisas ilustradas coa presenza de sucesivas trazas da arquitectura do século XIX e principios do XX. No cadro do ferrolán Fernando Álvarez de Sotomayor observamos o gusto modernista polas vidreiras de luz. Forma parte da Colección de Arte Afundación.



HISTORIA

Cristo da Tafona – S. XV

O Cristo da Tafona (anónimo) é un dos escasos cruceiros góticos conservados en Galicia e pertence ao Concello de Ferrol. Estaba localizado no alto do barrio de Canido, próximo á propia Tafona. Ao carón do Crucificado aparece San Xoán Bautista, dunha banda, e da outra a Virxe María sustentada por dúas figuras.



CIENCIA E TECNOLOXÍA

Enciclopedia mecánica – Ángela Ruiz Robles, 1962

A Enciclopedia Mecánica considérase a antecesora do hipertexto. A mestra Ángela Ruiz Robles concibiuna como un xeito de alixeirar os materiais de estudo dos escolares. O prototipo foi fabricado nas instalacións do Parque de Artillería de Ferrol, sendo unha peza que representa á perfección os avances da ciencia e a tecnoloxía na cidade, onde se produciu un encontro único entre a cultura e a técnica. Procede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.



Reloxo de mesa con seis esferas– 1811

Este é outro exemplo da cultura técnica do Arsenal que se estendeu á produción de obxectos para a emerxente sociedade burguesa. Dende o precursor Andrés Antelo, construtor do reloxo da Torre da Berenguela da Catedral de Santiago, ata artesáns que fabricaban e ensamblaban reloxos para casas e institucións.


Autoría: D. Maier (ourive), F. M. Franco (inventor), A. Cepeda (artífice). Museo de Pontevedra.



ENTRETENIMENTO

Trompeta cine sonoro (Western Electric, California) - 1928

Ferrol dispuxo dende o século XVIII dunha rica oferta de entretemento e artes públicas. O importante número de cines da cidade, xunto co Teatro Jofre, configuran Ferrol como un intenso espazo de lecer que gozaba dunha variada programación fílmica. O Museo do Cine de Narón conserva esta antiga trompeta, unha das escasas testemuñas conservadas da chegada do cine sonoro a Galicia, que fala do dinamismo e conectividade da sociedade ferrolá das primeiras décadas do século XX.



Experiencia interactiva

A exposición concédelle grande importancia á tecnoloxía para conseguir a interacción do visitante coa mostra, mergullándose de cheo nela e case que deseñando o seu propio percorrido e experiencia.




O Miradoiro

Entre Tramas e Escenarios atopamos unha gran mesa interactiva, chamada o Miradoiro, que nos permite aplicar todos eses documentos e obxectos que se estenden pola exposición nun infográfico interactivo, cunha cartografía a grande escala da cidade e a súa topografía. Os visitantes operan con el como nun laboratorio a través dunha recreación virtual da cidade explorando as súas grandes transformacións e percorrendo sobre ela os documentos que están nos expositores.

Padróns

A cidade está construída cunha gramática visual e estética que se plasma nas características dos edificios, nas pautas dos ferreiros e dos carpinteiros, nos deseños dos arquitectos e nos trazos culturais da arquitectura. Unha instalación interactiva lévanos nesta sección a esas marcas visuais que definen a identidade da cidade: dende materiais construtivos ata iconas gráficas, sinaléticas, cores ou ornamentacións

A través dos Padróns, a mostra explora a estética de Ferrol centrada nas portas, nas galerías e nos ferros.



Comisariado

Comisario:

Manuel Gago Mariño

Manuel Gago Mariño é doutor en Ciencias da Comunicación pola USC, director da plataforma de divulgación cultural *culturagalega.gal* do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

Especializado na confluencia entre cultura e tecnoloxía, e pioneiro de novos formatos dixitais de comunicación cultural desde finais dos anos 90, é responsable de numerosas iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural, ademais de colaborador dos principais medios de comunicación do país, como La Voz de Galicia,



a Radio Galega, El Progreso ou o Diario de Pontevedra. Como comisario de exposicións, Gago ten traballado con algunhas das máis relevantes institucións do ámbito galego e xestionado pezas dos máis destacados centros internacionais. Foi responsable das mostras *Ao pé do lar: memorias da cociña* (Fórum Gastronómico / Museo do Pobo Galego, 2010), *Galicia 100. Obxectos*

para contar unha cultura (Consello da Cultura Galega, 2016), *Alba de Gloria de Castelao: unha experiencia* (Consello da Cultura Galega, 2018) e *Galicia, un relato no mundo* (Fundación Cidade da Cultura, 2019).

Como ensaísta e escritor, Gago ten publicado libros con éxito de público, entre os que destacan o ensaio *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI* (2.0 Editora, 2012) co arqueólogo Xurxo Ayán, o libro de narrativa *Vento e Chuvia. Mitoloxía antiga de Gallaecia* (Xerais, 2013) e as novelas *O Anxo Negro* (Xerais, 2016), *O exército de fume* (Xerais, 2016) e *Nus* (Xerais, 2021).

Foto: Soledad Felloza

Comité científico xeral:

- **Miguel Pazos Otón.** Doutor en Xeografía. Profesor Titular de Xeografía Humana na USC
- **Cristina Sánchez-Carretero.** Antropológa. Doutora pola Universidade de Pennsylvania. Científica titular do Instituto de Ciencias de Patrimonio (Incipit) do CSIC.

- **Xaquín Núñez Sabarís.** Doutor en Filoloxía Hispánica. Profesor titular do Departamento de Estudos Románicos da Universidade do Minho.



Coordinador local: Guillermo Llorca Freire

Naceu en Ferrol en 1950. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. En 1979 gañou por oposición a praza de profesor numerario de instituto. A partir do ano 1983 exerceu a docencia no centro de ensino secundario Sofía Casanova de Ferrol ata o ano 2011 no que se xubilou. Investigador especializado na Historia de Ferrol, ten publicado máis de

trinta libros, entre os de autoría individual e colectiva, e centos de artigos e traballos de investigación en numerosas cabeceiras de xornais e revistas. No campo da narrativa é autor de tres obras literarias. En canto aos medios audiovisuais foi guionista e director de tres vídeos documentais e participou na creación dunha WebQuest didáctica dedicada ao barrio da Magdalena.

Comité científico local:

Esperanza Piñeiro de San Miguel. Historiadora. Catedrática de Historia de Ensino Secundario xubilada.

Carmen Porta Losada. Xefa de Arquivo e Biblioteca do Concello de Ferrol.

José Antonio Rodríguez-Villasante Prieto. Tenente Coronel de Intendencia da Armada. Membro da Real Academia Galega

de Belas Artes e da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Membro de ICOMOS (Consejo Internacional de Monumentos y Sitios).


Margarita Sánchez Yáñez. Cofundadora e membro do consello de redacción de Estudos Mindonienses. Historiadora.

Alfredo Vigo Trasancos. Catedrático de Historia del Arte da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Calendario

Cidade	Sede	Datas da exposición
Santiago de Compostela (rematada)	Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19)	03/06/2022 - 10/09/2022
Ferrol	Sede Afundación Ferrol (Plaza Constitución s/n)	Novembro - 28 xaneiro 2023
Lugo	Sede Afundación Lugo (Praza Maior, 16 / Praza Santa María, s/n)	Marzo 2023 - Maio 2023
A Coruña	Sede Afundación A Coruña (Cantón grande, 8)	Xuño 2023 - Agosto 2023
Vigo	Sede Afundación Vigo (Policarpo Sanz, 24 - 26)	Setembro 2023 - Xaneiro 2024
Pontevedra	Café Moderno Afundación Pontevedra (Rúa Augusto González Besada, 2)	Xaneiro 2024 - Abril 2024
Ourense	Sede Afundación Ourense (Praza Maior, 4)	Abril 2024 - Xullo 2024

Catálogo



Cada exposición conta con cadanseu catálogo que segue a estrutura da propia mostra, nun formato moi visual. Poderanse adquirir, a modo de colección, cun estoxo para gardalos.

Estrutura:

– Textos institucionais comúns a todos os catálogos de 'Cidades no tempo'

- Presidente da Xunta de Galicia
- Presidente de Afundación
- Texto comisario: Manuel Gago
- Texto asesor : Miguel Pazos

Otón. *Urbanización e cambio nas cidades galegas*

- Texto asesor: Xaquín Nuñez Sabarís. *Cidades, que cidade? mapas, imaxinarios, representacións*

- Texto asesor: Cristina Sánchez-Carretero. *Escoitar e habitar a cidade patrimonial*

– Textos específicos 'Ferrol no tempo'

- Conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades.
- Texto comisario : Manuel Gago. *Ferrol: unha cidade de cidades.*
- Texto coordinador local: Guillermo Llorca. *Ferrol: unha cidade por descubrir.*

Créditos

XUNTA DE GALICIA

Presidente
Alfonso Rueda Valenzuela

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

Conselleiro
Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico
Manuel Vila López

Director Xeral de Cultura
Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Directora Xerente
Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de Acción Cultural
María Pereira Otero

Director de oficina técnica
Benito García Caramés

Director económico financeiro
Santiago González Prado

Fondo Gaiás da Empresa Galega

AFUNDACIÓN

Presidente
Miguel Ángel Escotet Álvarez

Vicepresidente
Xosé Carlos Caneiro Pérez

Director Xerente
Pedro Otero Espinar

Área de Cultura Afundación

Coordinadora
M.^a Teresa Cores Fernández

Coordinadora Adxunta
Paloma Vela Garicano

EXPOSICIÓN

COMISARIO
Manuel Gago Mariño

ASESORES
Miguel Pazos Otón
Xaquín Núñez Sabarís
Cristina Sánchez Carretero

COORDINADOR LOCAL
Guillermo Llorca Freire

COMITÉ CIENTÍFICO LOCAL
Esperanza Piñeiro de San Miguel
Carmen Porta Losada
José Antonio Rodríguez -Villasante
Prieto
Margarita Sánchez Yáñez
Alfredo Vigo Trasancos

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN
Fundación Cidade da Cultura de
Galicia
Afundación

COMUNICACIÓN E MARKETING
Fundación Cidade da Cultura de
Galicia
Afundación

DIDÁCTICA-MEDIACIÓN
Afundación

DESEÑO DE MONTAXE
INSÓLITO DISEÑO+PRODUCTO
DOCUMENTACIÓN
Insólito Diseño+Producto

DOCUMENTACIÓN
Dehistoria. Historia. Cultura.
Patrimonio. S.L.L.

SOFTWARES INTERACTIVOS
Xoia Software Development S.L.

ILUSTRACIÓN

Miguel Robledo

FOTOGRAFÍAS
Ovidio Aldegunde

AUDIOVISUAL
Miramemira

REXISTRO SONORO
AB Origine

DESEÑO GRÁFICO
Desoños

ANIMACIÓN
Jorge Costas

MONTAXE
Idea Creatividad y Comunicación
S.L. Carpintería Moure

GRÁFICA
Vifer y de Diego S.L.

TRANSPORTE
Galicia Comunicación, Gyc, S.L. Jega
Gráfica S.L.U.

SEGUROS
Artai Correduría de Seguros, S.A.

Entidades organizadoras

Cidade da Cultura de Galicia



A Cidade da Cultura impulsa proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía, en continua conexión coa esfera internacional. Concibida polo arquitecto Peter Eisenman na cima do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago

de Compostela, esta cidade parece xurdir da terra como icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo acolle cinco centros destinados á cultura, ao emprendemento, á tecnoloxía e á investigación e colaboración interuniversitaria: o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Centro de Emprendemento Creativo, o Centro de Innovación Cultural (CINC) e o Edificio Fontán, todos eles vinculados á Consellería

de Cultura, Educación e Universidade do goberno galego, a Xunta de Galicia. Ademais, o complexo conta con grandes espazos verdes nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable ou asistir a espectáculos ao aire libre. A beleza e flexibilidade do Museo Centro Gaiás convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura. Conta cunha superficie expositiva distribuída en tres plantas superiores e un gran espazo multifuncional na planta inferior, que permiten materializar proxectos de moi diversa natureza. Ademais de exposicións, o museo acolle espectáculos de artes escénicas, como 'Escenas do Cambio' o WOMEX, a feria de *world music* máis importante do mundo e outro tipo de eventos de gran formato, como o Spin, a maior cita de emprendemento universitario de España, Portugal e América Latina

Afundación (Obra Social ABANCA)


Afundación, a Obra Social de ABANCA, é unha institución privada e sen ánimo de lucro que se define polo seu firme compromiso social e a súa vocación de servizo dentro e fóra de Galicia. Afundación é un axente de transformación fundamental para a súa contorna que, a través da acción nos seus catro eixos estratéxicos de educación, maiores, cultura e voluntariado, posibilita o desenvolvemento integral das persoas, buscando impulsar unha sociedade máis xusta e comprometida, dinamizando a innovación social, a transformación dixital e a sostibilidade de xeito transversal.

A cultura, entendida en Afundación como o elemento vertebrador esencial para a promoción do coñecemento, constitúe un dos seus eixos estratéxicos, en cuxo contexto as artes plásticas gozan dunha destacada relevancia. A Obra Social de ABANCA conta cunha consolidada traxectoria expositiva que se desenvolve

nas súas sedes das sete cidades galegas, e na que as mostras arredor da súa colección de arte, declarada pola Xunta de Galicia como Ben de Interese Cultural (BIC), ocupan un lugar preeminente, consonte a súa vocación museística. A elas cómpre engadir innovadores proxectos de programación propia e de propostas en colaboración con outras entidades, tanto de ámbito autonómico, coma nacional e internacional, que contribúen á dinamización da cultura en Galicia e desde Galicia.

Esta vocación de potenciación cultural levou á Afundación a ampliar a súa acción expositiva a través do programa «Corrente cultural», mediante o que se desenvolven mostras alén dos seus espazos propios, transcendendo os circuitos culturais tradicionais, grazas ao establecemento de marcos colaborativos con ABANCA, mecenas único de Afundación, e numerosos concellos de toda Galicia.





FERROL NO TEMPO

Exposición

Ata 28.01.23

Sede Afundación Ferrol

afundacion.org

cidadedacultura.gal

